

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-----------------|----------|---------------|
| 27013703 | CEIP de Quiroga | Quiroga | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Ciencias Sociais | 6º Pri. | 2 | 70 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 14 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 15 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 15 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 15 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 16 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 17 |
| 7.2. Actividades complementarias | 18 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 19 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 20 |
| 9. Outros apartados | 20 |

1. Introducción

Programación didáctica para a área de Ciencias Sociais de 6º de educación primaria.

O marco legal desta programación é:

- Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establece a ordeación e o currículo da educación primaria da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde de avaliación do 25 de xaneiro de 2022. - Orde de atención á diversidade, do 8 de setembro de 2021, que desenvolve o Decreto 229/2011.
- Orde de 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o decreto 155/2022.

Estamos nun concello de tamaño pequeno con relación á poboación, e con moita dispersión. A actividade económica basease en pequenas empresas de distintos sectores e na actividade agraria con diversas explotacións hortícolas, destacando o sector de cultivo de oliveiras (aceite), así como o vitivinícola. Tamén hai no municipio empresas de extracción de lousa. Nos últimos anos está adquirindo gran importancia o sector turístico debido ao privilexiado enclave do noso concello xa que forma parte da Ribeira Sacra e do Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel.

O Concello conta con numerosos servizos públicos como a Casa do Concello, o Centro de Saúde, a Policía Local, a Casa da Cultura, o Auditorio Municipal, Escola infantil, IES ..., así como diferentes lugares para o lecer como o paseo fluvial, parques, campo de fútbol e pistas multideporte. Hai que destacar a existencia de dous museos importantes: o Etnográfico e o Xeolóxico.

Esta programación desenvolverase nun centro no que hai matriculados 148 alumnos e alumnas e que conta cunha unidade para cada nivel de Primaria, agás 2º de EP que ten dúas. A ratio está actualmente en 16,5 alumnos/as por nivel e a porcentaxe de alumnado vulnerable é de 20 % aproximadamente.

O colexio, que ten horario de xornada única, (agás os luns con xornada partida), dispón de comedor e servizo de transporte escolar. Así mesmo, contamos con Seccións Bilingües en 1º, 2º, 3º e 4º de primaria na área de Educación Plástica e Visual. Temos adxudicado un auxiliar de conversa. Cóntase tamén con outros recursos, como unha biblioteca incluída en PLAMBE, que é ademais espazo multiusos para obradoiros, actividades culturais. Participamos noutros programas como E-DIXGAL, INCLÚE, Plan Proxecta e PROA +.

En 6º de primaria hai un grupo con 15 alumnos e alumnas (10 nenas e 5 nenos).

Somos un colexio E-DIXGAL, e por tanto, cos recursos vinculados a este modelo. Os ultraportátiles serán as ferramentas comúns de traballo do alumnado, nun contorno de aula virtual configurada con elementos aportados por recursos da plataforma e tamén de elaboración por parte do equipo de mestres/as do nivel. Serán complementados con cadernos de traballo e fondo de libros de consulta de aula.

A importancia da área de Ciencias Sociais, radica en que o alumnado logre un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada. Baseándonos nos Obxectivos de Desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, o obxecto das CCSS é o de dispoñer das ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.

Así pois, estruturamos esta área en 4 bloques que definen os obxectivos e os contidos básicos:

- Bloque B1. Ciencia e tecnoloxía
- Bloque B2. O mundo e o desenvolvemento sustentable
- Bloque B3. Vivir en sociedade
- Bloque B4. Leccións do pasado
- Comunicación e representación.

Formúlanse 9 unidades didácticas nas que se desenvolverán a totalidade dos bloques de contidos durante o curso escolar.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|------------|-----------|-------------|-----------|--------------|-----------|-----------|-------------|
| OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede. | 3 | | 4 | 1-2-3-4-5 | | | | 4 |
| OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural. | 1-2-3 | | 2-4 | 1-2 | | 4 | | |
| OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable. | | | 1-2-4-5 | 1 | | 4 | 1 | 1 |
| OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta. | 5 | | 2-5 | | 4 | 1-3-4 | 1 | |
| OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos. | 3 | | 4 | | 4 | 1-3 | 2 | 1 |
| OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea. | | 3 | | | 3 | 1-2-3 | | 1 |
| OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos. | 5 | | | | 1 | 1-2-3 | | 1 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | O mundo que nos rodea. | Os mapas: físicos, políticos, temáticos. Planos. | 10 | 8 | X | | |
| 2 | O clima e a paisaxe. | Factores climáticos. Climogramas. Tipos de paisaxes. Tipos de climas. Relevo, climas, augas e paisaxes de Europa e España. | 12 | 8 | X | | |
| 3 | O home e a Terra. | Os recursos naturais. Contaminación. O cambio climático. | 12 | 8 | X | | |
| 4 | A organización política-territorial da nosa contorna. | Europa e a Unión Europea. España: sistema de goberno, separación de poderes e a constitución. Comunidades autónomas, provincias e municipios. Galicia: estatuto, organización política e símbolos. | 12 | 8 | | X | |
| 5 | A xente do planeta Terra. | Demografía. Natalidade e mortalidade. Características da poboación. Movementos migratorios. A poboación de Europa e de España. | 10 | 8 | | X | |
| 6 | A economía e o seu funcionamento | Sectores económicos. O comercio. O traballo e a empresa. A publicidade. | 10 | 8 | | X | |
| 7 | Descubrinto a Historia. | Fontes históricas. O tempo histórico. Etapas da Historia. | 12 | 8 | | | X |
| 8 | A Idade Contemporánea: o noso tempo. | As revolucións da Idade Contemporánea. España no século XIX. O século XX en España e no mundo. Galicia na Idade Contemporánea. | 12 | 8 | | | X |
| 9 | O patrimonio: a nosa riqueza. | Patrimonio natural e cultural. Mulleres e arte. Os museos. | 10 | 6 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------------|----------|
| 1 | O mundo que nos rodea. | 8 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
| | | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural. | Adquirir léxico científico básico relacionado co medio social, natural e cultural | PE | 90 |
| CA1.4 - Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente. | Realizar observacións e medicións precisas e as rexistralas correctamente | | |
| CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede. | Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo | TI | 10 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. Realización dun glosario. - A relación entre os avances en matemáticas, ciencia, enxeñería e tecnoloxía para comprender a evolución da sociedade no ámbito científico-tecnolóxico. - Estratexias de procura e selección de información en Internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual); recoñecemento de riscos asociados a un uso inadecuado e pautas de actuación. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|----------------------|-----------------|
| 2 | O clima e a paisaxe. | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados. | Identificar as características dos distintos tipos de climas e paisaxes. | PE | 70 |
| CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen. | Relacionar, de xeito sinxelo, os elementos do medio natural, social e cultural. | | |
| CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede. | Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo | TI | 30 |
| CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade. | Amosar curiosidade polo medio natural, social ou cultural. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA1.4 - Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente. | Realizar observacións e medicións precisas e rexistralas correctamente. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). Iniciativa emprendedora. - Técnicas para unha adecuada exposición oral dos resultados dunha investigación, con claridade e orde. Presentación de resultados en formatos diversos. - Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións. - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise, individual e cooperativamente, facilitando o diálogo e a resolución de conflitos. - O clima e o planeta. Introducción á dinámica atmosférica e ás grandes áreas climáticas do mundo. Os principais ecosistemas e as súas paisaxes. - A contorna que nos rodea. A diversidade xeográfica de España e de Europa. Representación gráfica, visual e cartográfica a través de medios e recursos analóxicos e dixitais usando as tecnoloxías da información xeográfica (TIX). - Estilos de vida sustentable: a pegada ecolóxica. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------|----------|
| 3 | O home e a Terra. | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados. | Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural | PE | 80 |
| CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen. | Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural | | |
| CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade. | Amosar curiosidade polo medio social, natural ou cultural | TI | 20 |
| CA2.3 - Promover estilos de vida sustentable e consecuentes co respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección das persoas e do planeta, a partir da análise crítica da intervención humana na contorna. | Promover estilos de vida sustentable | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA2.4 - Participar con actitude emprendedora na procura, contraste e avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución, a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna. | Participar na procura, contraste e avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais e buscar solucións | | |
| CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade. | Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de procura e selección de información en Internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual); recoñecemento de riscos asociados a un uso inadecuado e pautas de actuación. - O futuro da Terra e do universo. Os fenómenos físicos relacionados coa Terra e o universo e a súa repercusión na vida diaria e na contorna. A exploración espacial e a observación do ceo; a contaminación lumínica; a concienciación polo coidado do medio. - O cambio climático. Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia, interdependencia e interrelación entre persoas, sociedades e medio natural. - Axenda Urbana. O desenvolvemento urbano sustentable. A cidade como espazo de convivencia. - Economía verde. A influencia dos mercados (de bens, financeiro e laboral) na vida da cidadanía. Os axentes económicos e os dereitos laborais desde unha perspectiva de xénero. O valor social dos impostos. Responsabilidade social e ambiental das empresas. P - Temas de relevancia na historia: Idade Contemporánea, transformacións económicas, políticas, sociais e culturais, o papel representado polos suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 4 | A organización política-territorial da nosa contorna. | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero. | Coñecer a Constitución e o Estatuto de Autonomía | PE | 85 |
| CA3.4 - Explicar o funcionamento xeral dos órganos de goberno do concello, das comunidades autónomas, do Estado español e da Unión Europea, valorando as súas funcións e a xestión dos servizos públicos para a cidadanía. | Coñecer o funcionamento xeral dos órganos de goberno do concello, das comunidades autónomas, do Estado español e da Unión Europea | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural. | Adquirir léxico científico básico relacionado co medio social, natural e cultural | TI | 15 |
| CA3.2 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade. | Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas | | |
| CA3.3 - Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da de Unión Europea, e coñecendo a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da paz, a seguridade integral cidadá e o recoñecemento das vítimas da violencia. | Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. Realización dun glosario. - Estratexias de procura e selección de información en Internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual); recoñecemento de riscos asociados a un uso inadecuado e pautas de actuación. - Historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país, particularmente as propias do pobo xitano. Recoñecemento da diversidade cultural e lingüística de España. - Os principios e valores dos dereitos humanos e da infancia, o Estatuto de Autonomía de Galicia e a Constitución española, dereitos e deberes da cidadanía. A contribución do Estado e as súas institucións á paz, a seguridade integral e a cooperación interna - A organización política. Principais entidades políticas e administrativas da contorna local, autonómica e nacional en España. Sistemas de representación e de participación política. - España e a Unión Europea. Formas de goberno. Fórmulas para a participación da cidadanía na vida pública. - España e Europa. As principais institucións de España e da Unión Europea, dos seus valores e das súas funcións. Os ámbitos de acción das institucións europeas e a súa repercusión na contorna. - Cidadanía activa. Fundamentos e principios para a organización política e xestión do territorio en España. Participación social e cidadá. - Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes: a discriminación positiva. - Seguridade viaria. Normas básicas de circulación, sinais de tráfico e marcas viarios. Condutas e hábitos viarios correctos. Causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------------|-----------------|
| 5 | A xente do planeta Terra. | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados. | Identificar as características da poboación en España e Europa | PE | 70 |
| CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero. | Coñecer os movementos migratorios e as taxas de natalidade e mortalidade | | |
| CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede. | Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo | TI | 30 |
| CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural. | Adquirir léxico científico básico relacionado co medio social, natural e cultural | | |
| CA2.4 - Participar con actitude emprendedora na procura, contraste e avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución, a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna. | Participar na procura de propostas para afrontar problemas sociais | | |
| CA3.2 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade. | Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas | | |
| CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade. | Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural | | |
| CA4.4 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade. | Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Técnicas para unha adecuada exposición oral dos resultados dunha investigación, con claridade e orde. Presentación de resultados en formatos diversos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. Realización dun glosario. - A relación entre os avances en matemáticas, ciencia, enxeñería e tecnoloxía para comprender a evolución da sociedade no ámbito científico-tecnolóxico. - O futuro da Terra e do universo. Os fenómenos físicos relacionados coa Terra e o universo e a súa repercusión na vida diaria e na contorna. A exploración espacial e a observación do ceo; a contaminación lumínica; a concienciación polo coidado do medio. - Historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país, particularmente as propias do pobo xitano. Recoñecemento da diversidade cultural e lingüística de España. |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Os principios e valores dos dereitos humanos e da infancia, o Estatuto de Autonomía de Galicia e a Constitución española, dereitos e deberes da cidadanía. A contribución do Estado e as súas institucións á paz, a seguridade integral e a cooperación interna - Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes: a discriminación positiva. - Temas de relevancia na historia: Idade Contemporánea, transformacións económicas, políticas, sociais e culturais, o papel representado polos suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos. - O papel da muller na historia e os principais movementos en defensa dos seus dereitos. Situación actual e retos de futuro na igualdade de xénero. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|----------------------------------|-----------------|
| 6 | A economía e o seu funcionamento | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen. | Coñecer os sectores económicos e a conexión entre o comercio e a publicidade e o traballo e a empresa | PE | 80 |
| CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural. | Adquirir léxico científico básico relacionado co medio social, natural e cultural | TI | 20 |
| CA2.3 - Promover estilos de vida sustentable e consecuentes co respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección das persoas e do planeta, a partir da análise crítica da intervención humana na contorna. | Promover estilos de vida sustentable | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
